



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de cuanto se establece en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a los daños causados por las obras de mejora del cruce de la N-VI (pk580) y la carretera de Ferrol la altura de Guísamo en Bergondo.

En mayo de 2022, más de una década después de que se iniciaran las reivindicaciones vecinales, apoyadas también por el BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), el Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana adjudicó finalmente las obras de mejora del cruce entre la N-VI y la carretera de Ferrol a la altura de Guísamo, en el término municipal de Bergondo, para eliminar este punto negro de alta siniestralidad reconocido por la propia Demarcación de Carreteras a la vista de la elevada concentración de accidentes.

Una vez iniciadas las obras, y en su punto álgido en 2023, los vecinos y vecinas alertaron de que, al utilizar determinada maquinaria en la ejecución de las actuaciones previstas, como por ejemplo a la hora de compactar materiales, las viviendas vibraban y, como consecuencia, aparecían daños en las estructuras, como grietas en diversos puntos, caída de revestimientos de tejas o desplazamientos en los muros de cerramiento de parcelas colindantes. Las propiedades afectadas son casi una decena, entre ellas varias viviendas y un negocio de hostelería cercano a la zona de obras.

Esta cuestión fue puesta en conocimiento de los responsables de la empresa ejecutora de la obra, del Concello de Bergondo y del propio Ministerio (véase la iniciativa presentada por este mismo grupo en enero de 2024), sin que hasta la fecha se haya dado ningún tipo de respuesta o solución, ya que únicamente la empresa encargado de la ejecución realizó algunas verificaciones de los daños ocasionados, pero no se proporcionaron canales para lograr que se reparasen los daños. Las personas afectadas coinciden en la necesidad de acometer las obras iniciadas ya que mejorarán la seguridad vial; no obstante, consideran justo garantizar que sus viviendas, donde residen habitualmente, y sus parcelas queden en el estado que tenían antes del inicio de las obras de la N-VI.

Ante la falta de respuesta, varias de las personas afectadas han contratado un servicio externo para evaluar los daños, cuyos resultados fueron presentados al Ministerio de Transporte sin que hasta el momento se haya dado respuesta alguna, algo que ha creado



incertidumbre e inseguridad en el barrio afectado, que se siente desatendido.

Por otro lado, con la ejecución de las obras casi finalizada, los vecinos y vecinas denuncian que salir de sus inmuebles se ha convertido en un verdadero peligro dada la alta velocidad a la que circulan los vehículos por el nuevo carril de servicio y que la mayoría suelen utilizar para atajar y no pasar por la rotonda habilitada. En algunos casos, los vecinos y vecinas tienen que actuar como «reguladores» del tráfico para poder incorporarse, cuando la vía de servicio no debería cumplir esa función. Este problema también se puso en conocimiento de los responsables de la ejecución de las obras, pero en este punto se les dio respuesta a sus preocupaciones.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Teniendo en cuenta que el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible tiene conocimiento de la situación de las viviendas cercanas a la zona donde se están ejecutando obras de mejora de la seguridad vial en el cruce de la N-VI en Guísamo y de los importantes daños ocasionados en las mismas, tiene previsto el Ministerio de Transportes adoptar alguna medida para solucionar los daños en los inmuebles afectados? ¿Cuáles? ¿En qué plazo?
2. ¿Cuál es el Protocolo de Actuación para los casos de daños o destrucción de propiedades privadas como consecuencia de la ejecución de obras públicas?
3. ¿Se compromete el Gobierno a reparar los daños ocasionados por las obras de la NVI en Guísamo en las viviendas de los vecinos y vecinas una vez finalizadas las actuaciones? ¿Reparará los daños causados y devolverá las edificaciones a su estado original para no perjudicar a los vecinos y vecinas?
4. ¿Qué medidas adoptará para solucionar la elevada velocidad a la que circulan los vehículos por el nuevo carril de servicio, que provoca una gran inseguridad y dificulta la salida de los vehículos de las propiedades limítrofes?

Madrid, a 21 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

21 ABR. 2025 21:02:44

Entrada **65715**

Sobre os danos causados polas obras de mellora do cruce da
N-VI a estrada de Ferrol en Guísamo

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos danos causados polas obras de mellora do cruce da N-VI (pk580) e a estrada de Ferrol a altura de Guísamo en Bergondo.**

En maio de 2022, máis dunha década despois de comezar as reivindicacións da veciñanza, apoiadas tamén polo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana adxudicaba, por fin, as obras para mellorar o cruce entre a N-VI e a estrada de Ferrol a altura de Guísamo, no concello de Bergondo, para eliminar este punto negro de alta sinistralidade reconecido pola propia Demarcación de Estradas dada a concentración de accidentes.

Comezadas as obras e chegando ao groso destas en 2023, a veciñanza alertou de que, ao utilizar determinada maquinaria na execución das actuacións previstas, como por exemplo ao compactar materiais, as vivendas vibraban e, como consecuencia, apareceron danos nas estruturas, tales como fendas en diversos puntos, caída de revestidos de azulexos ou desprazamentos nos muros de fechamento de parcelas limítrofes. As propiedades afectadas son case unha ducia, encontrándose entre elas varias vivendas e un negocio de hostalería próximas a zona de obras.

Esta cuestión púxose en coñecemento dos responsábeis da empresa que executa os traballos, do Concello de Bergondo e do propio Ministerio (vexase iniciativa presentada por este mesmo grupo en xaneiro de 2024), sen que a día de hoxe se dese ningún tipo de resposta ou solución, unicamente a empresa





encargada da execución realizou algunha comprobación dos estragos causados, mais, non se ofreceron canles para lograr a reparación dos danos. As persoas afectadas están de acordo coa necesidade de acometer as obras iniciadas pois permitirán mellorar a seguridade viaria, porén, consideran de xustiza que se lles garanta que as súas vivendas, nas que residen habitualmente, e as súas parcelas, queden no estado que tiñan antes do comezo das actuacións na N-VI. Diante da falta de resposta, varias das persoas afectadas teñen contratado un servizo externo que peritou os danos cuxo resultado foi presentado diante do Ministerio de Transporte sen que até o momento se teña dado resposta algunha, algo que ten creado incerteza e inseguridade na veciñanza afectada que se sinte desatendida.

Por outro lado, coa execución da obra case finalizada, a veciñanza asegura que saír das súas propiedades se ten convertido nun auténtico perigo dada a elevada velocidade a que circulan os vehículos polo novo carril de servizo e que a maioría utilizan para atallar e non pasar pola rotonda habilitada. En algún caso, a veciñanza ten que facer de “regulador” de tráfico para poder incorporarse, cando a vía de servizo non debería servir para esa función. Esta problemática tamén foi posto en coñecemento das persoas responsábeis da execución da obra, pero tampouco neste asunto se lles deu resposta a súa preocupación.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Tendo coñecemento o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel da situación que están a padecer as vivendas próximas á zona de execución das obras de mellora da seguridade viaria no cruzamento da N-VI en Guísamo e os importantes danos producidos nestas, ten previsto o Ministerio de Transportes adoptar algunha medida para dar solución aos danos nas propiedades afectadas? Cales? En que prazo?



2. Cal é o Protocolo de Actuación para o caso de danos ou estragos en propiedades privadas derivados da execución de obras públicas?
3. Asume o Goberno o compromiso de reparar os estragos xerados polas obras da NVI en Guísamo nas vivendas dos veciños e veciñas unha vez finalizada a actuación? Reparará os danos causados e devolverá as edificacións ao seu estado inicial para non prexudicar a veciñanza?
4. Que medidas adoptará para dar solución á elevada velocidade a que circulan os vehículos polo novo carril de servizo que provoca unha grande inseguridade e dificulta a saída de vehículos das propiedades limítrofes?

Madrid, a 21 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso